



Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.*

Historia de Pepe y Pepa

Con motivo do **25 de novembro** comezamos a traballar na aula a temática da violencia de xénero.

Iniciamos a actividade preguntándolle ao alumnado que entendía por violencia de xénero, que mostras de violencia eran capaces de identificar e que era para eles o termo “micromachismo”. Estableceuse un debate moi interesante e concluímos, como di Sofía Riveiro, que de micro nada. Tamén nos permitiu descubrir que entre os adolescentes existe moito “amor romántico” xa que toman como “normais” determinadas condutas machistas, como son o control de redes sociais, os celos ou o feito de ser nai.

A continuación partimos da ***Historia de Pepe y Pepa*** de Carme Ruíz Repullo, elaboramos diferentes chanzos cunha mostra diferente de violencia para que o alumnado de 1º ESO, en gran grupo-aula, debatese se todos os chanzos facían alusión a diferentes mostras de violencia ou non e os colocasen de menor a maior intensidade de violencia.

Alén disto, partindo do ***Emocionario de Palabras Aladas***, tamén elaboramos, con diferentes folios de cores, nubes co nome das emocións e unha breve explicación sobre cada emoción co obxectivo de que o alumnado reflexionase e debatese sobre qué tipo de emocións pensaba que a persoa maltratada se podía estar identificando.

Este pequeno xogo permitiunos reflexionar sobre os chamados “micromachismos” e fundamentalmente sobre as diferentes emocións que poden sentir as mulleres ao seren maltratadas.

Esta actividade deseñouse en grupo-aula, xa que debido ao protocolo COVID non puidemos realizar a tarefa en grupos máis pequenos de 4 membros, como sería o ideal.

Na última sesión visualizamos a *Historia de Pepe y Pepa* de Carme Ruíz Repullo, onde confirmaron os seus argumentos.

O resultado foi moi satisfactorio xa que os razoamento que se escoitaron nas 4 sesións nas que dividimos a actividade, foron, realmente interesantes, xa que en por si, chegaron á conclusión de que todos os chanzos reflectían mostras violentas de amor e que as emocións que podían estar sentindo as persoas maltratadas eran todas negativas ou moi negativas.

A actividade deunos para debater, falar, reflexionar e consensuar distintas perspectivas mostradas polo alumnado.

Seguimos transitando cara á igualdade!!!

Achegamos algunhas fotos dos momentos da aula.















